

**XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA
24 DE FEBREIRO DE 2017**

1. Apróbase/acórdase por asentimento¹:

- A) A acta da reunión ordinaria do día 21 de decembro de 2016.
- B) O nomeamento do Prof. Dr. Rafael de Asis Roig, Catedrático de Filosofía do Dereito da Universidade Carlos III de Madrid, como Membro Honorífico do Claustro de Profesores.
- C) Os límites de prazas –de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS e para cambio de centro- no Grao en Dereito e no Plan Conxunto de Estudos ADE-Dereito para o curso 2017/2018.
- D) A listaxe priorizada de Departamentos susceptibles de asumir os encargos docentes de cada materia para o curso 2017/2018 e o escrito de motivación.
- E) A distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2017/2018.
- F) O Informe de seguimento do Máster universitario en avogacía do curso académico 2015-2016 (plan de melloras do Máster para o curso 2016-2017 e seguimento do plan de melloras do curso 2015-2016).
- G) As modificacións ao Regulamento para a elaboración de Tráballo de Fin de Grao.
- H) A designación da Prof.^a Dr.^a Marta Fernández Prieto como representante da Facultade na Comisión dos Premios de Investigación e Transferencia do Campus da Auga.
- I) A renovación da representación do alumnado na Comisión de Compensación do Grao en Dereito e o seu carácter permanente e non anual, sen prexuízo das renovacións que se sometan á consideración da Xunta.
- J) A renovación da representación do alumnado na Comisión de Calidade.
- K) A memoria económica do orzamento da Facultade do exercicio 2016.
- L) As cuantías asignadas ás áreas xurídicas da partida orzamentaria de mobiliario e equipamento.
- M) A modificación da Táboa de recoñecementos para os Técnicos Superiores de Formación Profesional que accedan aos estudos do Plan conxunto Grao en ADE/Grao en Dereito.
- N) A Delegación na Comisión Permanente da avaliación e, no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2017.

2. Apróbase, por maioría, a PDA –para o Grao en Dereito e o Plan Conxunto de Estudos ADE/Dereito-, para o curso 2017/2018².

Ourense, 24 de febreiro de 2017

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo
Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 24 de febreiro de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade na mesma data.

Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.

² A PDA pode consultarse na Secretaría do Decanato.